

Circular: 3 / 2004	Data: 19 / 1 / 2004
---------------------------	----------------------------

Asunto: Execución dos apartados 1, 2 e 3 do acordo da comisión de seguimento do pacto polo que se regulan determinadas condicións de traballo no ámbito das urxencias extrahospitalarias.

Orixe: División de Recursos Humanos e da División de Asistencia Sanitaria do Sergas.

Ámbito: Persoal facultativo e sanitario non facultativo do nivel de atención primaria do SERGAS que prestan servicios nos dispositivos de atención urxente extrahospitalaria.

O 2 de marzo de 2001 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* o pacto polo que se regulan determinadas condicións de traballo do persoal que presta servicios no ámbito das urxencias extrahospitalarias na atención primaria do Servicio Galego de Saúde. Na disposición relativa á redución progresiva de cargas asistenciais recóllese que tendo en conta as dispoñibilidades organizativas e asistenciais o Servicio Galego de Saúde progresará na redución de cargas asistenciais obrigatorias. No seo da comisión de seguimento do citado pacto, na súa reunión do 12 de decembro de 2003, acordouse a redución de horas para o ano 2004. Este acordo foi publicado no DOG nº1, do 2 de xaneiro de 2004.

CIRCULAR 3/04

En consecuencia, posibilitarase a redución entre 320 e ata 280/230 horas para o colectivo e ámbito que dispoña de recursos suficientes para a cobertura asistencial. A progresión entre estes límites concretarase de xeito efectivo en cada xerencia na medida que a configuración dos recursos humanos dispoñibles en cada ámbito o permita. Co obxecto de constatar a dispoñibilidade de profesionais do cadro de persoal e consecuentemente, determinar as horas a cubrir polo persoal vinculado, e de ter recursos suficientes e, no seu caso, para progresar máis na redución de horas de atención continuada na atención primaria, levaranse a efecto as actuacións seguintes :

- 1.- Formaliza-lo proceso de opción dos profesionais do cadro de persoal pola voluntariedade na realización das cargas horarias por encima das obrigatorias.
- 2.- Configura-las horas a cubrir por persoal eventual para formaliza-las ofertas de selección e as vinculacións necesarias para o ano 2004.

Co obxecto de executa-las actuacións anteriores, as xerencias de atención primaria facilitarán a debida información a tódolos profesionais afectados e ós representantes sindicais que, con coñecemento das obrigas e dereitos, poderán face-la opción, con tódalas garantías, nos prazos habilitados para estes efectos. Así mesmo, o persoal seleccionado poderá formalizar no seu momento as vinculacións temporais para a cobertura de atención continuada.

En definitiva, para executa-lo acordado, trala negociación rematada o 23 de decembro cos representantes sindicais no seo da comisión de seguimento do pacto, a División de Recursos Humanos e a División de Asistencia Sanitaria do Sergas, consideran oportuno dicta-las seguintes

INSTRUCCIÓNS

PRIMEIRA. *Ámbito de aplicación e obxecto.*

As presentes instrucións serán de aplicación ó persoal facultativo e sanitario non facultativo do nivel de atención primaria do Sergas, que presten servicios nos dispositivos de atención urxente extrahospitalaria.

As instrucións teñen por obxecto executa-los acordos acadados no seo da comisión de seguimento do pacto de urxencias extrahospitalarias, no que se refire ás cargas horarias, a opción de voluntariedade e a selección de persoal temporal.

SEGUNDA. *Procedemento para determinar a redución e formaliza-la opción.*

Con anterioridade á formalización da opción de voluntariedade, prevista para o mes de xaneiro, as xerencias de atención primaria convocarán ós representantes sindicais na comisión de centro, para analizar a dispoñibilidade de profesionais nos distintos ámbitos de cobertura de atención continuada, co obxecto de que a determinación de cargas horarias obrigatorias en cada ámbito contén coa participación dos representantes dos traballadores.

Unha vez escoitadas as alegacións dos representantes sindicais e analizadas suficientemente as necesidades de cobertura e a dispoñibilidade de profesionais, as xerencias determinarán en cada ámbito ou dispositivo o número de horas obrigatorias a realizar no ano 2004. A determinación deberá realizarse coa garantía da cobertura asistencial da citada prestación, tendo en conta para a súa fixación os recursos dispoñibles.

O número de horas obrigatorias deberá ser comunicado por escrito a cada profesional a través do xefe da unidade ou servicio, ademais de participarlle a posibilidade de realizar horas voluntarias por encima das horas obrigatorias mediante a formalización do anexo I .

As horas obrigatorias que cada xerencia determine en cada ámbito da súa área, recolleranse nunha resolución asinada polo xerente que será remitida á División de Recursos Humanos e á División de Asistencia Sanitaria para a súa conformidade e posterior publicidade nos taboleiros de anuncios.

TERCEIRA. *Opción de voluntariedade.*

As horas de atención continuada e urxente a realizar obrigatoriamente polos profesionais que teñen encomendada a atención ordinaria con vínculo estrutural poderán ser superadas voluntariamente, de acordo co previsto no pacto e nestas instrucións.

Poderán formaliza-la opción voluntaria á realización de horas por encima das obrigatorias os profesionais seguintes:

1º.- Todos aqueles profesionais sanitarios que realicen a atención urxente extrahospitalaria como complemento á súa xornada ordinaria con vínculo de funcionario de carreira, estatutario fixo ou estatutario temporal, ben sexa interino en praza vacante, ou substituto na praza, ou funcións por tempo igual ou superior a un ano. A voluntariedade deberá presentarse no modelo que se xunta como anexo I.

2º.- Os profesionais sanitarios con vínculo fixo ou temporal, ben sexa interino en praza vacante, ou substituto na praza, ou funcións por tempo igual ou superior a un ano, beneficiarios da garantía, en canto cargas horarias de atención continuada, prevista na norma xeral 5ª punto 1.2.1 do pacto, poderán optar voluntariamente á superación destas. A voluntariedade deberá presentarse no modelo que figura como anexo I.

O modelo, debidamente cumprimentado e dirixido ó director xerente de atención primaria que corresponda, presentarse preferentemente no centro de traballo ou

xerencia á que estea adscrito o solicitante, ou na dirección provincial correspondente do Servicio Galego de Saúde, sen menoscabo da súa posible presentación por calquera dos procedementos e en calquera dos lugares que establece con carácter xeral o artigo 38 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como o Decreto 200/2003, do 20 de marzo, polo que se regulan e determinan as oficinas ou concertadas da Administración da Comunidade de Galicia, se procede á creación do Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ó cidadán.

CUARTA. Prazos.

As solicitudes deberán ser presentadas no prazo de dez días naturais contados dende a data de notificación das horas obrigatorias e a oferta da citada opción de voluntariedade con base nestas instrucións. Tal oferta deberá formalizarse no mes de xaneiro do ano 2004. A tal efecto a devandita data de inicio do prazo deberá constar expresamente.

QUINTA. Efectos.

As solicitudes para a realización da atención continuada por encima das horas obrigatorias terán efectos por período dun ano, unha vez provistas polas xerencias de atención primaria as coberturas das horas de atención continuada, ben sexa polos profesionais voluntarios ou pola vinculación de profesionais temporais.

SEXTA. Cargas asistenciais.

As cargas asistenciais obrigatorias determinadas conforme o procedemento anterior serán, en cada ámbito e por colectivo de médicos e de enfermería, de entre 320 e 280/230 horas, dependendo das capacidades organizativas de cada dispositivo, que

CIRCULAR 3/04

veñen determinadas en función das cargas horarias do persoal do cadro de persoal e a dispoñibilidade do persoal temporal.

A asignación de quendas ó persoal incluído no cadro de persoal, así como ó persoal eventual, realizarase de xeito equitativo entre os profesionais, en función das cargas ordinarias e de atención continuada asignadas a cada un deles.

Co obxecto de revisar a equidade no reparto de quendas entre o persoal incluído no cadro de persoal e o persoal vinculado, crearase unha comisión de seguimento das carteleiras de traballo, que será designada pola comisión de seguimento do pacto. Esta comisión propoñerá criterios de asignación que procuren a citada equidade, no caso de estima-lo necesario.

SÉTIMA. *Prórroga do compromiso dos profesionais vinculados.*

As direccións dos centros de xestión de atención primaria, procederán a prorrogar los compromisos de vinculación para chamamentos nos ámbitos das urxencias extrahospitalarias formalizados cos profesionais médicos e de enfermería ata a data na que se teña prevista a formalización de novos vínculos, estimada no 15 de febreiro de 2004 .

A solicitude de prórroga efectuarase consonte o modelo que se xunta como anexo II.

OITAVA. *Oferta ordinaria de selección temporal para a cobertura de atención urxente extrahospitalaria.*

Unha vez formalizada a opción de voluntariedade prevista nas disposicións anteriores, no mes de febreiro de 2004, procederase a oferta-la cobertura de horas de atención continuada polo persoal eventual dos ámbitos actuais e os novos que se teñan

constituídos. A División de Recursos Humanos do Sergas dictará as instrucións oportunas para a devandita formalización.

As horas a cubrir polo persoal eventual serán determinadas en función das horas cubertas polo persoal voluntario e pola dispoñibilidade de persoal temporal na área que corresponda.

As horas a ofertar serán alomenos de 900 horas anuais de atención continuada.

As xerencias, previa participación das organizacións sindicais da comisión de seguimento do pacto de urxencias extrahospitalarias, poderán ofertar un número de horas superior a 900 e ata 1400 horas anuais nos ámbitos que se determinen, cando razóns de indispoñibilidade de cobertura xa sexa pola redución operada ó persoal do cadro de persoal como pola falla de profesionais suficientes o xustifiquen. Así, neses ámbitos poderán realizarse ofertas de horas que non teñen por qué ser idénticas no número de horas dentro deses tramos.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2004

**O DIRECTOR XERAL DA DIVISIÓN
DE RECURSOS HUMANOS**

**O DIRECTOR XERAL DA DIVISIÓN
DE ASISTENCIA SANITARIA**

José Ignacio Lema Piñeiro

Francisco José López Rois

ANEXO I

**DECLARACIÓN POLA QUE OPTA INDIVIDUALMENTE Á REALIZACIÓN DO TRAMO
VOLUNTARIO DE ATENCIÓN CONTINUADA NOS DISPOSITIVOS DE ATENCION
URXENTE EXTRAHOSPITALARIA**

D./Dna

Médico Pediatra Enfermeiro/a. Matrona (quenda de enfermería)

Zona U.A.P. APD

Vínculo Interino - eventual longa duración Propietario

Antigüidade (P. Propietario)

Unidade, Servicio ou Centro de Saúde

PAC

Concello

XERENCIA DE ATENCION PRIMARIA

EXPÓN

Primeiro.- Que vén prestando os seus servicios para o Servicio Galego de Saúde no ámbito da atención primaria citado.

Segundo.- Que de acordo co pacto polo que se regulan determinadas condicións de traballo do persoal que presta servicios no ámbito das urxencias extrahospitalarias na atención primaria do Sergas (DOG nº 44 do 2 de marzo de 2001) e as disposicións complementarias que resultan aplicables

OPTA

Pola REALIZACIÓN DE ATENCIÓN CONTINUADA nos dispositivos de atención urxente extrahospitalaria, nos horarios establecidos para a modalidade de realización voluntaria, cos límites máximos previstos no pacto e disposicións complementarias citados.

En -----, -----de-----de 2004.

Sr. Director Xerente de Atención Primaria de...

Asdo.:-----

DILIXENCIA: Para facer constar que a mencionada opción de voluntariedade realízase polo período de un ano dende a data da súa concesión.

O INTERESADO/A

O DIRECTOR XERENTE

Asdo.:-----

Asdo.:-----

-

CIRCULAR 3/04

ANEXO II

PRÓRROGA DA GARANTÍA DO NOMEAMENTO PARA A COBERTURA DA ATENCIÓN CONTINUADA NOS DISPOSITIVOS DE ATENCIÓN URXENTE EXTRAHOSPITALARIA .

De conformidade co disposto no artigo 2º.C.3 da Orde do 1 de xullo de 1997, reguladora das modalidades de formalización do vínculo do persoal temporal das institucións sanitarias xestionadas polo SERGAS, modificada pola Orde do 22 de marzo do 2000, acórdase a prórroga da garantía prevista no nomeamento subscrito con

D/Dna.

Ó manterse as causas conxunturais que motivan a vinculación para a cobertura da atención urxente extrahospitalaria no ámbito que se especifica:

Ámbito

Centro de Xestión

Por un período dende ata o

Localidade e data

O Interesado

O Director Xerente

Asdo.:

Asdo.:

CIRCULAR 3/04

Faise constar que existe crédito suficiente con base nas previsións de necesidades para todo o exercicio para facer fronte ó presente nomeamento, quedando contraída a obriga no día da data.

Localidade e data

O Director de Xestión e SSXX

Conforme O Interventor

Asdo.:

Asdo.:

CIRCULAR 3/04